



INFORMA

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución conxunta do 17 de abril de 2007, da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional e da División de Asistencia Sanitaria, pola que se ordena a publicación do acordo suscrito pola Administración sanitaria e as organizacións sindicais CIG, CEMSATSE, CC.OO., CSI-CSIF e UGT polo que se regula a xornada, retribucións e condicións de traballo do persoal médico de urxencias hospitalarias deste organismo.

No marco da mesa sectorial de negociación do persoal das institucións sanitarias do Sergas, tras o proceso negociador levado a cabo, a Administración sanitaria e as organizacións sindicais CIG, CEMSATSE, CC.OO., CSI-CSIF e UGT acadaron o acordo polo que se regula a xornada, retribucións e condicións de traballo do persoal médico de urxencias hospitalarias do Sergas, que foi asinado polos representantes da Consellería de Sanidade e as citadas organizacións sindicais o día 2 de marzo de 2007.

O acordo anexo tivo lugar con base no disposto no artigo 35 da Lei 9/1987, do 12 de xuño, pola que se regulan os órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas, modificado pola Lei 18/1994, do 30 de xuño e de

acordo co previsto no artigo 80 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.

O contido do acordo é o que figura como anexo a esta resolución, que foi autorizado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e nove de marzo de dous mil sete.

Para xeral coñecemento, de acordo co disposto no artigo 36 da Lei 9/1987, faise necesaria a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude,

RESOLVEN:

Dispoñer a publicación do acordo polo que se regula a xornada, retribucións e condicións de traballo do persoal médico de urxencias hospitalarias do Sergas, que foi asinado polos representantes da Consellería de Sanidade e as citadas organizacións sindicais o día 2 de marzo de 2007.

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2007.

Cayetano Rodríguez Escudero
Secretario xeral do Servizo Galego de Saúde

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde

Julio Villar Barreiro
Director xeral da División de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde

ANEXO

Este acordo ten o seu baseamento normativo na Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde e no Decreto 290/2001, do 31 de outubro, polo que se crea a categoría de persoal médico de urxencias nos hospitais do Sergas. En desenvolvemento do dito decreto integráronse nesta categoría profesionais que viñan desempeñando postos de traballo nos servizos de urxencias. Tal integración foi voluntaria para o persoal fixo desas unidades. No citado decreto dispónse a regulación futura das condicións laborais que se fixan neste acordo, logo da súa negociación na mesa sectorial de persoal das institucións sanitarias do Sergas.

O obxectivo xeral desta regulación é acadar unha mellor adaptación das condicións de traballo e retributivas destes profesionais á prestación sanitaria nos servizos de urxencia, en canto á organización e ás actuais características do emprego nesta categoría, con escaseza de profesionais para cubrir as necesidades, e con problemas importantes de oferta e demanda. A valoración global da problemática, a especificidade da prestación con respecto ao resto do persoal facultativo da Administración sanitaria, así como a constatación de condicións de traballo diversas neste colectivo nas distintas institucións, impelen a acadar un marco homoxéneo de ordenación e regulación, fixándose os seguintes principios xerais e liñas de actuación comúns nestes profesionais:

1. A actividade asistencial médica en urxencias é ordinaria e continuada ao longo de todos os días de todo o ano e require a presenza activa do persoal médico. A xornada e as retribucións deben ter en conta as ditas especificidades.

2. Sen prexuízo dos horarios que cada centro poida determinar, haberá unha xornada, en termos de horas/ano, en función de que a dita prestación sexa en quendas rotatorias que abrangan de xeito sucesivo tramos horarios de mañá, tarde e/ou noite. Para estes efectos a incidencia do período nocturno na prestación de servizos anual terá especial relevancia.

3. As retribucións complementarias adecuaranse co fin de axustalas, tanto á xornada realizada como ás especificidades da urxencia hospitalaria, coa análise das condicións particulares da prestación que deben ter incidencia nas ditas retribucións complementarias, a realización do traballo en quendas, e no período nocturno.

Con esta adecuación retributiva debería ter carácter excepcional a aplicación de conceptos retributivos por exceso de xornada que tamén se prevén.

4. Con base nas características propias desta actividade profesional a quendas e con traballo nocturno conséntase a necesidade de deseñar un plan de protección da saúde laboral para os profesionais da urxencia hospitalaria con medidas de adecuación aos postos de traballo e de cargas horarias, así como a súa participación noutras áreas de actividade compatibles coa titulación de acceso ao posto de urxencias.

O contido deste acordo foi negociado no seo da mesa sectorial de negociación do persoal das ins-

tituções sanitarias do Sergas, de conformidade co artigo 35 da Lei 9/1987, do 12 de xuño, pola que se regulan os órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas e de acordo co previsto no artigo 80 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde do 16 de decembro, co resultado de acordo en reunión de mesa sectorial do 2 de marzo de 2007 entre os representantes da Administración sanitaria e as centrais sindicais CIG; CEMSATSE; CSI-CSIF; CC.OO. e UGT.

Acordo sobre xornada, retribucións, e condicións de traballo do persoal médico de urxencias hospitalarias do Sergas

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito.

Este acordo ten por obxecto desenvolver o réxime de xornada, retribucións e determinadas condicións de traballo do persoal da categoría de médico de urxencias hospitalarias con vínculo estatutario, fixo ou temporal, e do persoal médico estatutario fixo que non optase pola integración nesta categoría e preste servizos nas urxencias hospitalarias e unidades adscritas aos ditos servizos nas institucións sanitarias do Sergas.

Artigo 2º.-Xornada de traballo e horario.

1. Con carácter xeral, a xornada do persoal médico de urxencias hospitalarias será a establecida na Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, para o persoal médico que realiza xornada ordinaria e xornada complementaria.

A distribución horaria da xornada será a que determine a dirección do centro a través da programación funcional do servizo ou unidade, que se recollerá nunha carteleira de traballo anual. A xunta de persoal será informada desta con anterioridade á súa efectividade.

2. A xornada ordinaria será de 1.430 horas anuais efectivas e a xornada complementaria abrangue ata o límite das 48 horas semanais de media en cómputo semestral. Esta xornada distribuirase entre todo o persoal do servizo ou unidade, con base no horario, os postos e as cargas de traballo. A xornada ordinaria asignada a cada profesional, en cómputo mensual, será de 130 horas como límite máximo, sen prexuízo das adaptacións que poidan realizarse para axustala ao ano, e a xornada complementaria máxima será de 60 horas mensuais co fin de non superar o límite máximo conxunto de xornada mensual de 190 horas.

O programa funcional que se realice en cada centro/servizo, de acordo co que se dispón na disposición cuarta punto 1 deste acordo, poderá establecerse no/s posto/s de traballo nun servizo ou unidade/s de urxencias, cuxa actividade permita un tratamento singular en materia de horario, en quenda fixa sen nocturnidade. Dado que a realización de quendas nocturnas ten relevancia na xornada, nestes postos sen nocturnidade a xornada anual ordinaria será de 1.624 horas efectivas coa distribución que se determine pola dirección do centro.

3. Nos supostos de falta de persoal dispoñible para o mantemento da asistencia debida, a dirección do centro poderá adoitir medidas excepcionais que impliquen a superación do dito límite de xornada, polo tempo imprescindible e mediante resolución motivada, co consentimento do profesional, condicionadas á adopción de accións na busca da restitución da normalidade.

Tales supostos irán acompañados de medidas excepcionais de compensación, en xornada ou retributivas, á elección do traballador. As horas realizadas en exceso compensaranse co dobre do seu tempo en descanso; ou cun 75% adicional do seu valor.

4. As incidencias na aplicación desta xornada ao persoal temporal serán obxecto de negociación na comisión de seguimento deste acordo.

5. O réxime de descansos será o establecido na normativa básica recollida na Lei 55/2001, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.

Artigo 3º.-Retribucións.

O persoal médico de urxencias percibirá as retribucións correspondentes aos seguintes puntos 1 e 2. As primeiras correspóndense coas do persoal facultativo do Sergas e as segundas créanse por mor deste acordo como retribucións complementarias vinculadas á especificidade e singularidade no desempeño dos postos de traballo de médicos de urxencias hospitalarias:

1. As retribucións básicas e complementarias serán as dun facultativo especialista de área no Sergas, segundo teñan ou non dedicación exclusiva, nos códigos orzamentarios correspondentes ao persoal médico de urxencias e recollidos na orde de confección de nóminas que anualmente publica a Consellería de Economía e Facenda.

2. Remuneraranse os seguintes factores concorrentes no desempeño dos postos de traballo da categoría de médico de urxencias hospitalarias:

I. Traballo a quendas: devengarase mensualmente pola realización da xornada en calquera tipo de quenda que comprenda a prestación sucesiva do persoal en calquera horario que se determine e que coincida en todo ou en parte cos tramos horarios de mañá (8.00 a 15.00), de tarde (15.00 a 22.00) ou de noite (22.00 a 8.00). Non se aboará este complemento cando o traballo se realice en quenda fixa en horario exclusivo de mañá ou exclusivo de tarde.

II. Nocturnidade: devengarase mensualmente pola realización da xornada en horario nocturno (a partir das 22.00 horas e ata as 8 horas).

III. Festividade: cando a actividade recae en horario de domingo/festivo.

IV. Xornada complementaria: retribúe a realización de xornada complementaria por riba de 1.430 horas anuais ou 130 horas mensuais, sempre e cando a superación deste horario non corresponda a unha

xornada de quenda fixa. Aboarase tamén no suposto de superación de xornada de 1.624 horas en horario fixo de mañá ou de tarde.

V. Atención urxente: de carácter fixo e periódico e devengo mensual. Retribúe a especificidade do traballo na urxencia e a dispoñibilidade da extensión da xornada ata o máximo legal.

As disposicións que se diten en execución deste acordo incorporarán estes factores aos conceptos retributivos complementarios da estrutura salarial do persoal estatutario do Sergas, consonte o establecido no artigo 43 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, e normativa de concordante aplicación para o persoal das institucións do Servizo Galego de Saúde.

3. As contías das retribucións correspondentes a 2007 e anos seguintes son as previstas anualmente nas ordes de confección de nóminas para o persoal facultativo, nos códigos correspondentes a postos de traballo de urxencias hospitalarias, agás as que retribúen as gardas.

4. As contías das retribucións complementarias previstas no punto 2 desta disposición son as seguintes, en valores 2006:

* Categoría: médico de urxencias hospitalarias.

-Contías para a remuneración dos factores incluídos no parágrafo 2 desta cláusula:

Traballo a quendas: 70,70 h/mes (12 meses): 848,40 €.

Nocturnidade: 4,03 €/h.

Festividade (horas domingo/festivo): 9,59 €/h.

Xornada complementaria: 25,5 €/h.

Atención urxente: 154,61 €/mes.

-Outras retribucións:

Complemento de produtividade variable: mesmo importe que o persoal facultativo do Sergas.

Complemento de carreira profesional: o previsto para persoal facultativo no Sergas nas mesmas condicións para o seu devengo e contías.

Artigo 4º.-Condicións de traballo.

1. Programación funcional.

Os plans funcionais serán o instrumento de adecuación das actuais condicións de traballo ao acordo e serán negociados cos traballadores das unidades e servizos.

Os plans funcionais serán tamén no sucesivo a ferramenta para recoller a adecuación das condicións de traballo á prestación asistencial e á organización desta, segundo se dispoña pola planificación da dirección do Sergas ou dos centros, en función das respectivas competencias.

O plan conterà a programación funcional da unidade/servizo e o seu contido mínimo versará sobre as seguintes materias: vixencia da programación e a súa revisión; carteira de servizos; determinación

de postos de traballo, coas súas características funcionais; horario dos postos, carteleira anual de presenzas e rotación; formas regradas de participación de todos os profesionais ante indisponibilidade puntual de persoal para a cobertura de quendas de traballo; previsión de vacacións que se van desfrutar, horarios de reunión de traballo e horarios das sesións clínicas.

Poderán engadirse todas aquelas materias que os traballadores e a dirección dos centros acorden.

A programación funcional nas materias relacionadas coas condicións de traballo será negociada co persoal da unidade e cos representantes dos traballadores das organizacións asinantes deste acordo, procurando o máximo consenso no seu deseño. De non haber acordo a dirección realizará a programación anual mediante resolución motivada da dirección competente.

2. Proxectos compartidos con outras unidades.

As direccións dos centros sanitarios do Sergas poderán realizar proxectos asistenciais e/ou proxectos de actualización formativa, conxuntos ou compartidos con outras unidades do propio centro ou doutros centros de atención especializada ou atención primaria do Sergas. Os proxectos permitirán a prestación de servizos temporais dos médicos e médicos de urxencias hospitalarias noutros postos de traballo, coa finalidade e condicións previstas nos ditos proxectos, que deberán ser asinados polos responsables das direccións implicadas.

3. Actualización de coñecementos e participación na investigación e docencia.

A dirección do centro, en función das súas características, determinará as condicións de realización das sesións clínicas dentro do seu horario de traballo. Cando o horario destas non sexa compatible co horario de traballo do profesional, este terá dereito á compensación en xornada equivalente.

Así mesmo, a dirección determinará as condicións de formación dos profesionais médicos na procura da actualización das competencias profesionais. Tamén se habilitarán os mecanismos de participación deste persoal na investigación e docencia no centro.

4. Acceso á carreira profesional.

A comisión de seguimento deste acordo realizará unha proposta de criterios de baremación para o acceso á carreira profesional nos termos previstos na lexislación aplicable aos profesionais sanitarios.

5. Sistemas de selección e provisión de postos.

A comisión de seguimento do acordo propoñeralle á dirección do Sergas sistemas selectivos axeitados para a vinculación fixa deste persoal que teña en conta a especificidade do traballo e a valoración de servizos noutros postos ou categorías da mesma titulación de acceso no Sergas. Procuraranse sistemas de baremación e selección que fagan atractiva a vinculación aos postos de traballo nestas unidades e que redunden na mellora da calidade asistencial.

No procedemento de provisión de postos de xefatura no ámbito de urxencias hospitalarias, coordinacións, xefes de servizo, sección e unidade terase en conta, como mérito preferente, a experiencia profesional en postos de traballo de persoal médico de urxencias hospitalarias.

6. Saúde laboral.

Con base nos resultados da avaliación de riscos realizarase un plan de vixilancia da saúde específico para os e as profesionais médicos que traballan nos servizos e unidades de urxencias hospitalarias conxunto as pautas e protocolos concretos que para este ámbito se elaboren, de acordo co disposto na normativa de prevención de riscos laborais.

No caso de detectarse que algún traballador, polas súas características persoais, estado biolóxico ou discapacidade debidamente recoñecida, sexa especialmente sensible ás condicións de traballo do seu posto, procederase á aplicación das accións necesarias para a adaptación do seu posto de traballo, segundo o procedemento que o Servizo Galego de Saúde elabore co obxecto de garantir a protección da súa saúde.

O plan específico de saúde laboral está vinculado á adaptación do posto de traballo, en función das cargas de traballo, a xornada realizada, e o horario en relación coas condicións de saúde laboral do persoal médico. Con base nos resultados da avaliación, as accións poderán ser de mobilidade de posto, de adecuación horaria así como de redución de xornada complementaria co límite, neste último suposto, da xornada ordinaria correspondente ao posto de traballo orixinario.

Tendo en conta o anterior, no momento en que se incorporen novos profesionais por mor de incrementos nos cadros de persoal dos centros, con respecto aos actuais recollidos no primeiro programa funcional que se elabore en aplicación deste acordo, a acción de redución de xornada complementaria para os médicos e as médicas maiores de 55 anos, realizarase no horario nocturno.

7. Persoal eventual.

O persoal con vínculos de natureza temporal terá os mesmos dereitos e obrigas que o persoal fixo, e seralle aplicado este acordo en iguais termos. A comisión de seguimento poderá acordar disposicións de aplicación do acordo adaptadas á duración do nomeamento e á xornada realizada.

O persoal que se incorpore nos calendarios de traballo por mor de redución de xornada complementaria, prestará servizos nas mesmas condicións de horario e rotación que a prevista para o persoal de cadro na programación funcional.

8. Mellora das prestacións sociais.

As horas realizadas en concepto de xornada complementaria prevista neste acordo terán a mesma consideración que se atribúa ás horas de garda nos

instrumentos que formalice o Servizo Galego de Saúde para a protección da situación de incapacidade temporal e permiso por maternidade dos facultativos especialistas das institucións sanitarias de atención especializada dependentes deste organismo.

Artigo 5º.-Comisión de seguimento do acordo.

Para levar a efecto o desenvolvemento deste acordo, constituirase unha comisión de seguimento na cal estarán representadas as organizacións asinantes e a Administración. Corresponderalle a dita comisión resolver as cuestións que se susciten na interpretación e execución do acordo; en particular, e ademais doutras intervencións expresamente referidas no clausulado, correspóndelle ao dito órgano participar no seguimento da aplicación inicial nos centros, co fin de procurar o tratamento homoxéneo en canto a xornada, retribucións e condicións de traballo. Neste cometido poderanse solicitar os informes necesarios e responder ás incidencias que se presenten na execución nas diversas unidades.

Así mesmo, elaborará un proxecto dirixido á dirección do Sergas que permita a mobilidade do persoal médico de urxencias hospitalarias a outras unidades do Sergas co obxecto de dotarlles dun itinerario profesional.

Artigo 6º.-Desenvolvemento regulamentario.

A Administración da Xunta de Galicia ditará as disposicións regulamentarias necesarias para a aplicación e execución deste acordo.

Disposición derradeira

Entrada en vigor: este acordo terá efectividade aos 20 días da súa publicación no DOG, coa excepción das disposicións relativas a xornada e retribucións que terán efectos desde o 1 de xaneiro de 2007, unha vez que se aproben os programas funcionais, e as disposicións regulamentarias de conformidade co establecido na disposición adicional anterior.

Resolución conxunta do 17 de abril de 2007, da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional e da División de Asistencia Sanitaria, pola que se ordena a publicación do acordo suscrito pola Administración sanitaria e as organizacións sindicais CIG, CEMSATSE, CC.OO., CSI-CSIF e UGT polo que se melloran as condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación deste organismo.

No marco da mesa sectorial de negociación do persoal das institucións sanitarias do Sergas, tras o proceso negociador levado a cabo, a Administración sanitaria e as organizacións sindicais CIG, CEMSATSE, CC.OO., CSI-CSIF e UGT acadaron o

acordo polo que se regulan as condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación do Servizo Galego de Saúde, que foi asinado polos representantes da Consellería de Sanidade e as citadas organizacións sindicais o día 23 de febreiro de 2007.

O acordo anexo tivo lugar con base no disposto no artigo 35 da Lei 9/1987, do 12 de xuño, pola que se regulan os órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas, modificado pola Lei 18/1994, do 30 de xuño, e de acordo co previsto no artigo 80 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.

O contido do acordo é o que figura como anexo a esta resolución, que foi autorizado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e dous de marzo de dous mil sete.

Para xeral coñecemento, de acordo co disposto no artigo 36 da Lei 9/1987, faise necesaria a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude,

RESOLVEN:

Dispoñer a publicación do acordo polo que se regulan as condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación do Servizo Galego de Saúde, que foi asinado polos representantes da Consellería de Sanidade e as citadas organizacións sindicais o día 23 de febreiro de 2007.

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2007.

Cayetano Rodríguez Escudero
Secretario xeral do Servizo Galego de Saúde

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos
e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde

Julio Villar Barreiro
Director xeral da División de Asistencia Sanitaria
do Servizo Galego de Saúde

ANEXO

Acordo de mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación do Servizo Galego de Saúde

O artigo 55 da Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia dispón que se promoverá a participación dos traballadores na determinación das súas condicións de traballo, a través dos órganos lexitimados de representación e negociación colectiva.

A creación da figura dos internos residentes tivo lugar polas ordes ministeriais do 3 de setembro de 1969 e 28 de xullo de 1971. Posteriormente, a Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, na súa disposición adicional primeira, dá un mandato ao goberno para a aprobación dun real decreto que regule a relación laboral de carácter especial deste persoal, estable-